

A.S.D. Villestro da comezo a un novo proxecto dentro das actividades que desenvolve o Club. O **"BANCO SOLIDARIO DE ROUPA E BOTAS"**.

Despois de escoitar as demandas e propostas de numerosos pais e nais á S.D. Villestro saca adiante o **Banco Solidario de Roupas do Club e Botas** que irá dirixido a axudar a aquelas familias con poucos recursos que dispoñan de rapaces na nosa Entidade.

Os criterios de valoración para a entrega do material do Banco de Roupas e calzado serán de total competencia dos responsables da área deportiva e directiva do Club.

COMO FUNCIONA O BANCO SOLIDARIO DE ROUPA E BOTAS DA S.D. VILLESTRO?.

Se dispoñedes de roupa do Club que ó voso fillo/a xa lle queda pequena, ou calzado, está en bo estado, non sabedes que facer con ela, e/ou desexades que se poida seguir sendo aproveitada, podedes entregala ó Banco de Roupas e Calzado do Club.

De forma paralela, toda aquela roupa que os rapaces vaian esquecendo nos adestramentos e que nin eles nin os seus pais/nais a reclamen, permanecerá gardada nun espazo individualizado agardando a que sexa recollida. De non selo ó remate da tempada todo o que non se reclamou pasará a formar parte do Banco de Roupas e Calzado do Club.

ONDE SE GARDA A ROUPA?.

O Club dispón dun espazo habilitado para a recollida de roupa e botas de fútbol doados polos pais e nais. Esta será lavada novamente e ordenada por talla e modelo para a súa correcta e sinxela doazón.

QUE CRITERIOS SE SEGUIRÁN PARA A ENTREGA DE ROUPA E BOTAS?.

1º) O Banco de Roupas e Botas da S.D. Villestro irá dirixido principal e prioritariamente a axudar as familias con dificultades económicas dos nenos/as que militen no Club.

2º) So de forma excepcional, se entregará material do Banco a aqueles rapaces/zas que o día de adestramento se esqueceran dalgunha prenda ou calzado na súa casa. Excepcionalmente faráselles entrega do material que necesiten para adestrar e ó remate recollerase de novo todo material para lavalo e volver a por no Banco para vosa disposición.

AGARDAMOS A VOSA COLABORACIÓN!!!.

Asdo.

S.D. Villestro

Coa colaboración de:

